

# TAREFA 1

## NATURAL E SOCIAL

1º TRIMESTRE

3º e 4º de Educación Primaria

A PEGADA  
DOS COSMÉTICOS



SOCIAL  
E NATURAL



# 1. IDENTIFICACIÓN

<b>TÍTULO DA TAREFA:</b>	<b>A PEGADA DOS COSMÉTICOS.COÑECER PARA TRANSFORMAR</b>		
<b>ETAPA:</b>	Ed. Primaria	<b>NIVEL:</b>	2º ciclo (3º e 4º de Ed. Primaria)
<b>ÁREAS:</b>	PC, CCNN,CCSS,, LC, LG.	<b>PROFESORADO:</b>	Marta Alvarez Iglesias

## DESCRIPCIÓN:

“A pegada dos cosméticos. Coñecer para transformar” é unha tarefa que abarca todo o curso en todos os niveis educativos do ámbito Natura e Social que ten 3 obxectivos principais:

- Coñecer o impacto dos cosméticos no medio ambiente.
- Buscar solucións para reducir a pegada dos cosméticos no medio ambiente.
- Crear cosméticos ecolóxicos e respectuosos co medio ambiente.

A tarefa organízase en tres fases, unha para cada trimestre:

- No primeiro trimestre imos investigar sobre o impacto dos cosméticos no medio ambiente a partir dunha noticia de actualidade. A noticia informa sobre catro aspectos clave: saúde, probas crueis en animais, emisións de CO2 pola produción de envases dun so uso e microplásticos.  
<https://www.youtube.com/watch?v=sZUqhcVe3uc>
- No segundo trimestre, buscaremos boas prácticas e expertas e/ou expertos que nos axuden a elaborar cosméticos ecolóxicos e respectuosos co medio ambiente.
- Por último, no terceiro trimestre traballaremos na organización do stand do ámbito natural e social do IV Congreso EDUCODS.

## XUSTIFICACIÓN:

Coñecer o impacto dos cosméticos no medio ambiente a partir dunha noticia lévanos a identificar causas e consecuencias do problema e buscar posibles solucións para reducir a pegada destes produtos . Trataremos de facer consciente ao alumnado da necesidade de crear alternativas máis ecolóxicas e respectuosas e acercalos a un consumo responsable.

A tarefa promove o traballo dos ODS: ODS 3(relación dos cosméticos e o impacto na nosa saúde), 12 (Necesidade de aproveitar os recursos e consumilos de xeito responsable), 13 (reducir o consumo , consumir responsablemente sabendo o que se compra e crear cosméticos ecolóxicos son accións favorables que repercuten de xeito directo sobre o clima),14(coñecer o impacto dos cosméticos na vida submarina lévanos a querer transformar esta situación buscando alternativas máis respectuosas ) 17 (crear espazos de comunicación e intercambio de experiencias e ofrecer alternativas sostibles á comunidade).



## CONTEXTO:

Esta tarefa desenvólvese de forma coordinada no ámbito NATURAL E SOCIAL desde 4º de EI ata 6º de Educación Primaria, adaptando os contidos e actividades aos intereses, ás necesidades, ás motivacións e ao currículo de cada nivel. Neste caso concreto, expónse a tarefa de 3º e 4º de Ed.Primaria (grupos mixtos).

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	AVALIACIÓN	
		Procedemento	Instrumento
<b>SESIÓN 1. MARCO TEÓRICO</b>			
<p><b>Círculo proactivo.</b> Para a mellora da convivencia, fomentar a cohesión grupal e favorecer un clima de confianza e seguridade na aula, realizarase esta actividade ao comezo de cada sesión coa dinámica da pelota.</p> <p><u>Pregunta:</u> : Que sabes dos cosméticos? Que crees que é a pegada/impacto medio ambiental?</p>	<p><b>LC 4º - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. <b>LC 3º - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.</p> <p><b>LG 4º - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.</p>	Observación directa	Rúbrica
<p><b>Caderno de equipo:</b> establecer os <b>obxectivos</b> do equipo e os <b>compromisos</b> individuais.. Repartir os <b>cargos</b> e repasar as súas funcións.</p>	<p><b>CCNN 4º - CA4.5.</b> Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto e respectando as normas básicas de convivencia. <b>CCNN 3º - CA4.5.</b> Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.</p>	Autoavaliación: análise do caderno de equipo	Caderno de equipo + Rúbrica
<p>Presentación da tarefa. Presentar a tarefa a través do <b>panel SCRUM</b> (anexo 1) onde se reflexan os pasos a seguir para a</p>	<p><b>PC 4º - CA1.1.</b> Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. <b>PC 3º - CA1.1.</b> Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.</p>	Observación directa	Rúbrica


<p>realización da tarefa e o obxectivo principal da mesma.</p>	<p><b>PC 4º - CA1.2.</b> Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. <b>PC 3º - CA1.2.</b> Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.</p> <p><b>PC 4º - CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. <b>PC 3º - CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p> <p><b>PC 4º - CA1.5.</b> Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. <b>PC 3º - CA1.5.</b> Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.</p> <p><b>PC 4º - CA2.1.</b> Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. <b>PC 3º - CA2.1.</b> Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.</p>		
<p><b>Coñecer a noticia “A pegada no medio ambiente dos cosméticos”</b> que se atopa dentro dunha caixa.</p> <p>1) A noticia está en soporte papel e video.  <a href="https://www.youtube.com/watch?v=sZUqhcVe3uc">https://www.youtube.com/watch?v=sZUqhcVe3uc</a></p> <p>2) Rutina pensamento: Vexo, penso, preguntome despois de coñecer a</p>	<p><b>LC 4º - CA4.1.</b> Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. <b>LC 3º - CA4.1.</b> Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.</p> <p><b>LG 4º - CA4.1.</b> Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. <b>LG 3º - CA4.1.</b> Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as</p>	<p>Observación directa + Análise da posta en común da rutina de pensamento e soporte .</p>	<p>Rúbrica</p>

<p>noticia. Cada nena/o apunta nun post-it os seus pensamentos.</p> <p>3) Posta en común.</p> <p>4) Cada nena/a pensa e representa nun soporte os cosméticos que usa diariamente.</p>	<p>dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.</p> <p><b>LC 4º - CA4.2.</b> Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais. <b>LC 3º - CA4.2.</b> Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.</p> <p><b>LG 4º - CA4.2.</b> Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais. <b>LG 3º - CA4.2.</b> Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.</p>		
<p><b>Árbore do problema.</b> Tras identificar o problema “pegada dos cosméticos no medio ambiente” trátase de identificar <b>causas e consecuencias do problema.</b></p> <p>1) Sacar tarxetas da caixa.(Anexo 2)</p> <p>2) En equipos base coa estrutura de lápis ao centro identificar a</p>	<p><b>CCNN 4º - CA4.5.</b> Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto e respectando as normas básicas de convivencia. <b>CCNN 3º - CA4.5.</b> Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.</p> <p><b>LC 4º - CA2.1.</b> Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira</p>	<p>Observación directa + Análise árbore problema</p>	<p>Rúbrica + Autoavaliación cunha lista de cotexo cos “criterios de éxito” do traballo en equipo (base de orientación)</p>

<p>tarxeta en causa ou consecuencia.</p> <p>3) Colocar a tarxeta na árbore dos problemas.</p>	<p>acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais. <b>LG 4º - CA2.1.</b> Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.</p> <p><b>LC 3º - CA2.1.</b> Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. <b>LG 3º - CA2.1.</b> Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.</p>		
<p><b>Círculo final:</b> Avaliación e metacognición.</p> <p>En gran grupo, repasaremos co panel de aprendizaxe os contidos que aprendimos, como o fixemos e revisaremos se cumprimos co que se esperaba de cada membro do equipo.</p> <p>Ticket de saída: que foi o que aprendiches nesta sesión e proposta de mellora individual para a seguinte sesión.</p>	<p><b>PC 4º - CA2.5.</b> Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. <b>PC 3º - CA2.5.</b> Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa + Metacognición ao principio e final de cada sesión</p>	<p>Rúbrica</p>


<p>Aviso: Traer algún cosmético que utilicen diariamente para analizar a súa etiqueta.</p>			
<b>SESIÓN 2. EXPERIMENTACIÓN</b>			
<p><b>Círculo proactivo.</b> Para a mellora da convivencia, fomentar a cohesión grupal e favorecer un clima de confianza e seguridade na aula, realizarase esta actividade ao comezo de cada sesión coa dinámica da pelota.</p> <p><u>Pregunta:</u> Cada nena/o trae algún cosmético da casa que usa no seu día a día. Que vexo nas etiquetas?</p>	<p><b>LC 4º - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. <b>LC 3º - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.</p> <p><b>LG 4º - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>
<p>Presentación dos pasos da tarefa desta sesión a través do <b>panel SCRUM</b> (anexo 1) onde se reflexan os pasos a seguir para a realización da tarefa e o obxectivo principal da mesma.</p>	<p><b>PC 4º - CA1.1.</b> Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. <b>PC 3º - CA1.1.</b> Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.</p> <p><b>PC 4º - CA1.2.</b> Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. <b>PC 3º - CA1.2.</b> Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.</p> <p><b>PC 4º - CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. <b>PC 3º - CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>



	<p><b>PC 4º - CA1.5.</b> Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. <b>PC 3º - CA1.5.</b> Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.</p> <p><b>PC 4º - CA2.1.</b> Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. <b>PC 3º - CA2.1.</b> Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.</p>		
<p><b>Experimento 1: Crema solar e océanos.</b></p> <p><b>Paso a paso:</b> Cada membro do equipo bota crema nas mans e despois , mete as mans na auga.</p> <p><b>Materiais:</b> Crema solar, bol de cristal transparente(oceáno) e auga.</p> <p>Cada equipo fai o experimento seguindo o <b>método científico</b> e anotando cada paso no soporte do experimento 1.</p>  <p>O diagrama do Método Científico mostra un ciclo de cinco etapas: 1. Observación (EXPERIMENTO 1) representada por un ollo; 2. Hipótese (HIPOTESE) representada por un signo de interrogación; 3. Experimentación (EXPERIMENTAMOS) representada por un lápiz; 4. Conclusión (CONCLUSIONES) representada por unha bombilla; 5. Resultado (RESULTADO) representada por un balón de vidro. As etapas están conectadas por liñas que forman un ciclo continuo.</p>	<p><b>CCNN 4º - CA1.1.</b> Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación. <b>CCNN 3º - CA1.1.</b> Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.</p> <p><b>CCNN 4º - CA1.2.</b> Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural. <b>CCNN 3º - CA1.2.</b> Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.</p> <p><b>CCNN 4º - CA1.3.</b> Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura; realizar observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente. <b>CCNN 3º - CA1.3.</b> Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.</p>	<p>Observación directa + Análise do soporte e exposición do método científico de cada experimento.</p>	<p>Rúbrica</p>

<p><b>Exposicións:</b> Cada equipo expón o seu experimento ao resto da clase seguindo os pasos do método científico.</p> <p><b>Experimento 2: Raios solares e fondos mariños.</b></p> <p><b>Paso a paso:</b> Cada membro do equipo bota aceite corporal nas mans e despois as mete na auga. Esperamos 10 mins para ver que sucede coa auga mezclada co aceite. Bótase colorante alimenticio na auga (raios solares).  <a href="https://www.youtube.com/watch?v=upNpxJL83Jc">https://www.youtube.com/watch?v=upNpxJL83Jc</a></p> <p><b>Materiais:</b> Aceite corporal, bol de cristal transparente(oceáno), auga , colorante alimenticio.</p>	<p><b>CCNN 4º - CA1.4.</b> Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas. <b>CCNN 3º - CA1.4.</b> Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.</p>		
--	--	--	--

Cada equipo fai o experimento seguindo o **método científico** e anotando cada paso no soporte do experimento 1.



**Exposicións:** Cada equipo expón o seu experimento ao resto da clase seguindo os pasos do método científico.

<p><b>Círculo final:</b></p> <p>Avaliación e metacognición.</p> <p>En gran grupo, repasaremos co panel SCRUM os contidos que aprendimos, como o fixemos e revisaremos se cumprimos co que se esperaba de cada membro do equipo.</p> <p>Ticket de saída: que foi o que aprendiches nesta sesión e proposta de mellora individual para a seguinte sesión.</p>	<p><b>PC 4º - CA2.5.</b> Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. <b>PC 3º - CA2.5.</b> Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa + Metacognición ao principio e final de cada sesión</p>	<p>Rúbrica</p>
<p><b>SESIÓN 3 E 4. POSIBLES SOLUCIÓN S E CONSTRUCCIÓN DE MAPAS MENTAIS PARA CONCIENCIAR.</b></p>			

<p><b>Círculo proactivo.</b> Para a mellora da convivencia, fomentar a cohesión grupal e favorecer un clima de confianza e seguridade na aula, realizarase esta actividade ao comezo de cada sesión coa dinámica da pelota.</p> <p><u>Preguntas:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que lle dirías a un fabricante de cosméticos?</li> <li>- Con que ODS relacionarías esta tarefa.</li> </ul>	<p><b>LC 4º - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. <b>LC 3º - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.</p> <p><b>LG 4º - CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>
<p>Presentación dos pasos da tarefa destas sesións a través do <b>panel SCRUM</b> (anexo I) onde se reflexan os pasos a seguir para a realización da tarefa e o obxectivo principal da mesma.</p>	<p><b>PC 4º - CA1.1.</b> Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. <b>PC 3º - CA1.1.</b> Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.</p> <p><b>PC 4º - CA1.2.</b> Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. <b>PC 3º - CA1.2.</b> Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.</p> <p><b>PC 4º - CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. <b>PC 3º - CA1.4.</b> Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p> <p><b>PC 4º - CA1.5.</b> Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. <b>PC 3º - CA1.5.</b> Prever as incidencias que se poidan</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica</p>

	<p>producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.</p> <p><b>PC 4º - CA2.1.</b> Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. <b>PC 3º - CA2.1.</b> Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.</p>		
<p><b>Posibles solucións ao problema.</b></p> <p>1) En equipo coa estrutura 1-2-4 pensar posibles solucións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cosméticos e saúde.</li> <li>- Envases dun so uso.</li> <li>- Probas nos animais.</li> <li>- Microplásticos.</li> </ul> <p>2) Posta en común.</p>	<p><b>CCSS 3º e 4º .CA3.4.</b> Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.</p>	Observación directa	Rúbrica + Autoavaliación cunha lista de cotexo cos "criterios de éxito" do traballo en equipo (base de orientación)
<p>Elexir tema sobre aspectos traballados (saúde, microplásticos, illas de lixo, emisións de co2, envases dun so uso, alteracións na cadea trófica...) para <b>profundizar e elaborar mapas mentais . Mural /mapa mental</b> en equipo.</p> <p>1) Organizar a información. 2) Bosquexo. 3) Mapa mental.</p>	<p><b>LC 3º CA3.7.</b> Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto. <b>LC 4º CA3.7.</b> Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.</p> <p><b>CCSS 3º e 4º CA2.2.</b> Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.</p>	Observación directa + Análise do produto	Rúbrica + Lista de cotexo cos "criterios de éxito" (base de orientación) Anexo 3

<p><b>Exposición.</b> Preparar a exposición do mural/mapa mental e presentar o traballo ao resto da clase. Engadir as melloras concluídas.</p>	<p><b>CCNN 4º - CA4.3.</b> Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos. <b>CCNN 3º - CA4.3.</b> Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.</p>	<p>Observación directa</p>	<p>Rúbrica + Autoavaliación cunha lista de cotexo cos “criterios de éxito” (base de orientación)</p>
<p><b>Caderno de equipo.</b> Cubrir o diario da tarefa.</p>	<p><b>CCNN 4º - CA4.5.</b> Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto e respectando as normas básicas de convivencia. <b>CCNN 3º - CA4.5.</b> Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.</p>	<p>Autoavaliación e coavaliación: análise do caderno de equipo</p>	<p>Caderno de equipo + Rúbrica</p>
<p><b>Círculo final:</b> Avaliación e metacognición.  En gran grupo, repasaremos co panel SCRUM os contidos que aprendimos,</p>	<p><b>PC 4º - CA2.5.</b> Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. <b>PC 3º - CA2.5.</b> Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa +</p>	<p>Rúbrica</p>

<p>como o fixemos e revisaremos se cumprimos co que se esperaba de cada membro do equipo.</p> <p>Ticket de saída: que foi o que aprendiches nesta tarefa e proposta de mellora individual para a seguinte tarefa.</p>		<p>Metacognición ao principio e final de cada sesión</p>	
---	--	--	--

### CONTIDOS CURRICULARES

3º EP	4º EP
<p><b>CCSS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...)</li> <li>– Técnicas para unha correcta exposición oral dos resultados da investigación, presentando os resultados en diferentes formatos.</li> <li>– Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.</li> </ul> <p><b>CCNN:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>– Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> </ul>	<p><b>CCSS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>– Responsabilidade ecosocial. A transformación e a degradación dos ecosistemas naturais pola acción humana. Conservación e protección da natureza. Os malos tratos animais e a súa protección.</li> </ul> <p><b>CCNN:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>– Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.</li> </ul>



- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados.

**LC LG:**

- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís) realizando as inferencias necesarias.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos, realizando as inferencias necesarias.

**PC:**

- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación.

- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados.

**LC LG:**

- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.

**PC:**

- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación.

**CONTIDOS ESPECÍFICOS**

- Cosméticos: que son, usos, impacto no medio ambiente...
- A pegada dos cosméticos: impacto na saúde (difícil lectura das etiquetas), probas crueis con animais, microplásticos (illas de lixo), produción constante de envases dun só uso (emisións de CO2 a atmosfera)...
- Árbore do problema(pegada dos cosméticos): causas e consecuencias.
- Fases método científico: hipóteses, experimentación, resultados e conclusións.
- Posibles solucións ao problema: crear cosméticos con substancias máis respectuosas con nós e co medio ambiente, consumo responsable e circular...
- Mapa mental e as súas partes.

## 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<b>SESIÓN 1. MARCO TEÓRICO</b>				
<p><b>Círculo proactivo.</b> Para a mellora da convivencia, fomentar a cohesión grupal e favorecer un clima de confianza e seguridade na aula, realizarase esta actividade ao comezo de cada sesión coa dinámica da pelota.</p> <p><u>Pregunta:</u> : Que sabes dos cosméticos? Que crees que é a pegada/impacto medio ambiental?</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Obxecto da palabra</p>	<p>10 min</p>
<p><b>Caderno de equipo:</b> establecer os <b>obxectivos</b> do equipo e os <b>compromisos</b> individuais.. Repartir os <b>cargos</b> e repasar as súas funcións.</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Equipo</p>	<p>Caderno de equipo</p>	<p>30 min</p>
<p>Presentación da tarefa. Presentar a tarefa a través do <b>panel SCRUM</b> (anexo 1) onde se reflexan os pasos a seguir para a realización</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Paso a paso do panel SCRUM (Anexo 1)</p>	<p>5 min</p>

da tarefa e o obxectivo principal da mesma				
<p><b>Coñecer a noticia “A pegada no medio ambiente dos cosméticos”</b> que se atopa dentro dunha caixa.</p> <p>1) A noticia está en soporte papel e video.  <a href="https://www.youtube.com/watch?v=sZUqhcVe3uc">https://www.youtube.com/watch?v=sZUqhcVe3uc</a></p> <p>2) Rutina pensamento: Vexo, penso, preguntome despois de coñecer a noticia. Cada nena/o apunta nun post-it os seus pensamentos.</p> <p>3) Posta en común.</p> <p>4) Cada nena/a pensa e representa nun soporte os cosméticos que usa diariamente.</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Video Vexo-penso-pregúntome Soporte “cosméticos que uso diariamente”</p>	<p>20 min</p>
<p><b>Árbore do problema.</b> Tras identificar o problema “pegada dos cosméticos no medio</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Equipo base</p>	<p>Árbore do problema Tarjetas causas e consecuencias.</p>	<p>40 min</p>


<p>ambiente” trátase de identificar <b>causas e consecuencias do problema.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) Sacar tarxetas da caixa.(Anexo 2)</li> <li>2) En equipos base coa estrutura de lápis ao centro identificar a tarxeta en causa ou consecuencia.</li> <li>3) Colocar a tarxeta na árbore dos problemas.</li> </ol>			Anexo 2	
<p><b>Círculo final:</b> Avaliación e metacognición.</p> <p>En gran grupo, repasaremos co panel scrum os contidos que aprendimos, como o fixemos e revisaremos se cumprimos co que se esperaba de cada membro do equipo.</p> <p>Ticket de saída: que foi o que aprendiches nesta sesión e</p>	Aula de 4º Natural e social	Gran grupo	Panel Scrum Ticket de saída	10 min

<p>proposta de mellora individual para a seguinte sesión.</p> <p>Aviso: Traer algún cosmético que utilicen diariamente para analizar a súa etiqueta.</p>				
<b>SESIÓN 2. EXPERIMENTACIÓN</b>				
<p><b>Círculo proactivo.</b> Para a mellora da convivencia, fomentar a cohesión grupal e favorecer un clima de confianza e seguridade na aula, realizarase esta actividade ao comezo de cada sesión coa dinámica da pelota.</p> <p><u>Pregunta:</u> Cada nena/o trae algún cosmético da casa que usa no seu día a día. Que vexo nas etiquetas?</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Obxecto da palabra</p>	<p>20 min</p>
<p>Presentación dos pasos da tarefa desta sesión a través do <b>panel SCRUM</b> (anexo 1) onde se reflexan os pasos a seguir para a realización da tarefa e o obxectivo principal da mesma.</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Gran Grupo</p>	<p>Paso a paso do panel SCRUM (Anexo 1)</p>	<p>5 min</p>
<p><b>Experimento 1: Crema solar e oceános.</b></p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Equipos base</p>	<p>Materiais experimentos(vasos e bolls transparentes, crema</p>	<p>70 min</p>

**Paso a paso:** Cada membro do equipo bota crema nas mans e despois , mete as mans na auga.

**Materiais:** Crema solar, bol de cristal transparente(oceáno) e auga.

Cada equipo fai o experimento seguindo o **método científico** e anotando cada paso no soporte do experimento 1.



**Exposicións:** Cada equipo expón o seu experimento ao resto da clase seguindo os pasos do método científico.

**Experimento 2: Raios solares e fondos mariños.**

**Paso a paso:** Cada membro do equipo bota aceite corporal nas mans e despois as mete na auga.


solar, auga., colorante alimenticio, aceite corporal)  
Soporte método científico.

Esperamos 10 mins para ver que sucede coa auga mezclada co aceite. Bótase colorante alimenticio na auga (raios solares).

<https://www.youtube.com/watch?v=upNpxJL83Jc>

**Materiais:** Aceite corporal, bol de cristal transparente (oceáno), auga, colorante alimenticio.

Cada equipo fai o experimento seguindo o **método científico** e anotando cada paso no soporte do experimento 1.



**Exposicións:** Cada equipo expón o seu experimento ao resto da clase seguindo os pasos do método científico.



<p><b>Círculo final:</b></p> <p>Avaliación e metacognición.</p> <p>En gran grupo, repasaremos co panel SCRUM os contidos que aprendimos, como o fixemos e revisaremos se cumprimos co que se esperaba de cada membro do equipo.</p> <p>Ticket de saída: que foi o que aprendiches nesta sesión e proposta de mellora individual para a seguinte sesión.</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Panel Scrum Ticket de saída.</p>	<p>10 min</p>
<p><b>SESIÓN 3 E 4. POSIBLES SOLUCIÓN S E CONSTRUCCIÓN DE MAPAS MENTAIS PARA CONCIENCIAR.</b></p>				
<p><b>Círculo proactivo.</b> Para a mellora da convivencia, fomentar a cohesión grupal e favorecer un clima de confianza e seguridade na aula, realizarase esta actividade ao comezo de cada sesión coa dinámica da pelota.</p> <p><u>Preguntas:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que lle dirías a un fabricante de cosméticos?</li> </ul>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Obxecto da palabra</p>	<p>10 min</p>

Con que ODS relacionarías esta tarefa.				
Presentación dos pasos da tarefa destas sesións a través do <b>panel SCRUM</b> (anexo I) onde se reflexan os pasos a seguir para a realización da tarefa e o obxectivo principal da mesma.	Aula de 4º Natural e social	Gran grupo	Paso a paso do panel SCRUM (Anexo 1)	5 min
<b>Posibles solucións ao problema.</b> 1) En equipo coa estrutura 1-2-4 pensar posibles solucións: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cosméticos e saúde.</li> <li>- Envases dun so uso.</li> <li>- Probas nos animais.</li> <li>- Microplásticos.</li> </ul> 2)Posta en común.	Aula de 4º Natural e social	Equipo Base	Soporte Solucións	30 min
Elexir tema sobre aspectos traballados (saúde, microplásticos, illas de lixo, emisións de co2, envases dun so uso, alteracións na cadea trófica...) para <b>profundizar e elaborar mapas mentais</b> . <b>Mural /mapa mental</b> en equipo.  1)Organizar a información. 2)Bosquexo. 3)Mapa mental.	Aula de 4º Natural e social	Gran grupo	Infografías Anexo 3  Produtos finais	120 min

<p><b>Exposición.</b> Preparar a exposición do mural/mapa mental e presentar o traballo ao resto da clase. Engadir as melloras concluídas.</p>				
<p><b>Caderno de equipo.</b> Cubrir o diario da tarefa.</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Equipo base</p>	<p>Caderno de equipo</p>	<p>30 min</p>
<p><b>Círculo final:</b> Avaliación e metacognición.</p> <p>En gran grupo, repasaremos co panel SCRUM os contidos que aprendimos, como o fixemos e revisaremos se cumprimos co que se esperaba de cada membro do equipo.</p> <p>Ticket de saída: que foi o que aprendiches nesta tarefa e proposta de mellora individual para a seguinte tarefa.</p>	<p>Aula de 4º Natural e social</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Panel Scrum Ticket de saída</p>	<p>15 min</p>

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR (Que)	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN (Como)	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (Con que)	TIPO DE AVALIACIÓN (Quen)
<b>CONTIDOS, CRITERIOS E OBXECTIVOS (ALUMNADO)</b>	Observación directa	Rúbrica	Profesorado ao alumnado
	Análise das producións	Listas de cotexo	Autoavaliación do alumnado + Profesorado ao alumnado
<b>TRABALLO EN EQUIPO</b>	Observación directa	Rúbrica	Profesorado ao alumnado
	Análise do caderno de equipo Autoavaliación ao final de cada sesión con propostas de melloras	Caderno de equipo	Autoavaliación do alumnado + Profesorado ao alumnado
<b>PRÁCTICA DOCENTE</b>	Reflexión individual (autoavaliación) Diálogo coa persoa de apoio na tarefa	Lista de cotexo	Autoavaliación do profesorado
<b>DESEÑO DA TAREFA</b>	Reflexión individual (autoavaliación)	Lista de cotexo	Autoavaliación do profesorado
	Observación directa Análise das reflexións do alumnado	Caderno de equipo: Diario da tarefa	

## CRITERIOS E CONTIDOS - RÚBRICA

ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.
TRABALLO EN EQUIPO	<b>A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO</b>	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo./	LG 4º: <a href="#">CA2.5</a> LG 3º e 4º: <a href="#">CA2.8</a>  LC 3º e 4º: <a href="#">CA2.8</a>
	<b>B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO</b>	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	CCNN 3º e 4º: <a href="#">CA4.5</a> , <a href="#">CA4.2</a>
	<b>C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO</b>	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG 3º e 4º: <a href="#">CA2.8</a>  LC 3º e 4º: <a href="#">CA2.8</a>
	<b>D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO</b>	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervéen nas quendas doutras persoas.	LG 4º: <a href="#">CA2.5</a>  LC 3º e 4º: <a href="#">CA2.4</a> , <a href="#">CA2.5</a>
ORGANIZACIÓN	<b>E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO</b>	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuación.	Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	PC 3º e 4º: <a href="#">CA1.1</a> , <a href="#">CA1.2</a> , <a href="#">CA1.4</a> , <a href="#">CA1.5</a> , <a href="#">CA2.1</a>  CCNN 4º e 3º: <a href="#">CA4.3</a>

COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	<b>F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS</b>	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	CCSS 3º e 4º: <a href="#">CA3.4, CA2.2</a>
	<b>G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL</b>	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: <a href="#">CA2.1, CA4.1, CA4.2</a>  LC 3º e 4º: <a href="#">CA2.1, CA4.1, CA4.2</a>
	<b>G. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO ORAL</b>	É quen de producir un texto escrito e un oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.	É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: <a href="#">CA3.7</a>  LC 3º e 4º: <a href="#">CA3.7</a>

# TÁBOA DE REXISTRO DO ALUMNADO

	NOME DO ALUMNADO	GRUPO	ITEMS						
			A	B	C	D	E	F	G
1									
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
11									
12									
13									
14									
15									
16									
17									
18									
19									
20									







Xº EP

21									



## LISTA DE COTEXO - MAPA MENTAL EN EQUIPO

### MAPA MENTAL








- ORGANIZAR A INFORMACIÓN. 
- SUBLIÑAR AS PALABRAS CLAVE 
- ELABORAR UN BOSQUEXO. 
- REPARTIR O TRABALLO. 
- USAR PALABRAS E DEBUXOS. 
- AXUDARNOS ANTE OS BLOQUEOS 



**VAI SAIR MOI BEN!**

## LISTA DE COTEXO - EXPOSICIÓN

### EXPOSICIÓN ORAL

- CUIDAR O TONO DE VOZ 
- MIRAR AO PÚBLICO 
- XESTUALIDADE (EXPRESIÓN CORPORAL) 
- PARTICIPAR TODOS OS MEMBROS 
- COMPRENDER O QUE DECIMOS 
- AXUDARNOS ANTE OS BLOQUEOS 
- DAR PASO AOS DEMAIS 

## PRÁCTICA DOCENTE – LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
Deuse resposta ás principais necesidades do alumnado.		
Tívoose como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Fomentouse a motivación e implicación do alumnado nas actividades a través dunha linguaxe positiva.		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Mantívoose unha colaboración e coordinación real entre o profesorado implicado.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
Implicouse ás familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.		
A temporalización das accións foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoose en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha valoración diaria ou semanal (de maneira informal) das actividades realizadas e dos aspectos de mellora.		
Construíronse os equipos cooperativos cos criterios propios da aprendizaxe cooperativa.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadores para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
Dedicouse un tempo para a avaliación da aprendizaxe e da autoavaliación.		
O produto final da tarefa resulto significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		

## DESEÑO DA TAREFA – LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.		
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.		
Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.		
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa.		
Os recursos estipulados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		

# 6. ANEXOS

## ANEXO 1. PANEL SCRUM:

<p>1. CAIXA</p> 	<p>2. VEXO-PENSO-PREGÚNTOME</p> 	<p>3. ÁRBORE</p> 
<p>4. EXPERIMENTOS</p> 	<p>5. SOLUCIÓNS</p> 	<p>6. MURAI</p> 
<p>7. EXPOSICIÓNS</p> 	<p>8. AVALIACIÓN</p> 	

A PEGADA DOS COSMÉTICOS



“COÑECER PARA TRANSFORMAR”

SOCIAL ENATURAL 

## ANEXO 2. TARJETAS CAUSAS E CONSECUENCIAS .

### CREMA SOLAR



CADA ANO 14.000 TONELADAS DE CREMA SOLAR ACABAN NOS OCEÁNOS. ESTAS CREMAS PODEN CONTER SUBSTANCIAS QUE POÑEN EN PERIGO A SÚA FAUNA E FLORA.

### EMISIÓN DE CARBONO (CO<sub>2</sub>)



ANUALMENTE, PRODÚCENSE MÁIS DE 120.000 MILLÓN DE ENVASES DE COSMÉTICOS D'UN SÓ USO, O QUE SUPÓN EMISIÓN EXCESIVAS DE CO<sub>2</sub> Á ATMOSFERA.

### CONSUMISMO




CONSUMO EXCESIVO E INNECESARIO DE PRODUCTOS COSMÉTICOS.



### FALTA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

A DESINFORMACIÓN, A INFORMACIÓN FALSA E A FALTA DE EDUCACIÓN FAÍNS COMETER ERROS OU DESCOÑECER A FORMA CORRECTA DE FACER AS COUSAS.

### MICROPLÁSTICOS SECUNDARIOS



OS ENVASES DE PLÁSTICO DOS COSMÉTICOS ACABAN NOS OCEÁNOS E CO PASO DO TEMPO CONVÉRTENSE EN MICROPLÁSTICOS NON BIODEGRADABLES (INFERIORES A 5MM).



### MICROBOLAS DE PLÁSTICO



AS PEQUENAS ESFERAS DE COR AZUL QUE HAI NALGUNHAS PASTAS DE DENTES E CREMAS EXFOLIANTES SON, EN REALIDADE, MICROPLÁSTICOS QUE NON DESAPARECEN AO SER TRAGADOS POLO SUMIDOIRO.

### MICROPLÁSTICOS PRIMARIOS



OS MICROPLÁSTICOS PRIMARIOS SON SUBSTANCIAS QUE SE USAN NA ELABORACIÓN DALGÚNS COSMÉTICOS. SON TAN PEQUENOS (INFERIORES A 5 MM) QUE AS DEPURADORAS NON OS PODEN FILTRAR E CHEGAN DIRECTAMENTE AO MAR.



### PROBAS DE COSMÉTICOS EN ANIMAIS



NALGÚNS PAISES AÍNDA ESTÁN PERMITIDAS AS PROBAS DE COSMÉTICA CON ANIMAIS. SON UN TIPO DE EXPERIMENTACIÓN CRUEL.

## ENFERMIDADES E ALERXIAS



ALGÚNS COSMÉTICOS PODEN CONTER SUBSTANCIAS TÓXICAS PERXUDICAIS PARA A NOSA SAÚDE COMA O TRICLOSÁN, OS PARABENOS OU A OXIBENZONA.

## COMPRA DE COSMÉTICOS SEN LER AS ETIQUETAS



A LECTURA DIFÍCIL DAS ETIQUETAS DOS COSMÉTICOS IMPLICA QUE UNHA GRAN PARTE DOS COMPRADORES NON SAIBA O QUE COMPRA.

## ALTERACIÓNS NA CADEA TRÓFICA OU ALIMENTARIA



A TRAVÉS DA CADEA TRÓFICA OU ALIMENTARIA, OS MICROPLÁSTICOS CHEGAN A TODOS OS SERES VIVOS, INCLUÍDOS OS SERES HUMANOS.

## ILLAS DE LIXO



O LIXO QUE ACABA NO MAR POR DIFERENTES MOTIVOS É ARRASTRADO POLAS CORRENTES MARIÑAS, ACUMULASE FORMANDO GRANDES EXTENSIÓNS CHAMADAS ILLAS DE LIXO.

## CAMBIO CLIMÁTICO



ANUALMENTE PRODÚCENSE MÁIS DE 120.000 MILLÓNS DE ENVASES DUN SÓ USO (DE USAR E TIRAR).

## PURPURINA NOS COSMÉTICOS



A PURPURINA CONTÉN GRAN CANTIDADE DE MICROPLÁSTICOS. EN SETEMBRO DO 2023 A UNIÓN EUROPEA SACOU UNHA LEI QUE PROHIBE A SÚA COMERCIALIZACIÓN.

## ENFERMIDADE NO FÍDAGO DOS OSOS POLARES E DOS GOLFIÑOS









UN EQUIPO DE CIENTÍFICOS ATOPA RESTOS DE PARABENOS, SUBSTANCIA QUÍMICA DA INDUSTRIA COSMÉTICA, NO FÍDAGO ENFERMO DE OSOS POLARES E GOLFIÑOS.

## ETIQUETAS DIFÍCILES DE LER E USO DE PALABRAS DESCOÑECIDAS



AS ETIQUETAS DOS COSMÉTICOS UTILIZAN LETRA MOI PEQUENA DIFÍCIL DE LER E CON PALABRAS QUE A MAIORÍA DAS PERSOAS NON COÑECEN.

## MAPA MENTAL







- ORGANIZAR A INFORMACIÓN. 
- SUBLIÑAR AS PALABRAS CLAVE 
- ELABORAR UN BOSQUEXO. 
- REPARTIR O TRABALLO. 
- USAR PALABRAS E DEBUXOS. 
- AXUDARNOS 



**VAI SAIR MOI BEN!**

## EXPOSICIÓN ORAL



- COIDAR O TONO DE VOZ 
- MIRAR AO PÚBLICO 
- XESTUALIDADE (EXPRESIÓN CORPORAL) 
- PARTICIPAR TODOS OS MEMBROS 
- COMPRENDER O QUE DECIMOS 
- AXUDARNOS ANTE OS BLOQUEOS 
- DAR PASO AOS DEMAIS 